



Resolución do 6 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2010.

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2010, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, na xuntanza que tivo lugar o 22 de marzo de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición e depósito da dita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta de constitución da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia

Santiago de Compostela, ás 12.30 horas do día vinte e dous de marzo de dous mil dez, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24 baixo, reúnen-se as persoas abaixo sinaladas, co obxecto de constituír a comisión paritaria do convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Representación empresarial:

Carmen González-Rosón Flores (AESSADG).

Luís Suárez Filgueiras (AESSADG).

José Félix Valderrey de la Huera (AESSADG).

UGT Galicia:

Javier Martínez Fente.

María del Carmen Morales Sánchez (asesora).

CC.OO. de Galicia:

Dorinda Maceiras Sánchez.

M^a del Mar Castro Cristobo (asesora).

CIG:

Pedro Pérez Caride.

O obxecto da reunión é:

1. Constituír a comisión paritaria, segundo o establecido no artigo 11 do referido convenio, cos seguintes membros: tres en representación da parte empresarial, cos seus correspondentes asesores, e

tres en representación da parte sindical, correspondendo un a UGT-Galicia, un a CC.OO. de Galicia e un á CIG, cos seus correspondentes asesores.

Queda constituída a comisión paritaria na forma sinalada anteriormente, e coas funcións que se determinan no artigo 11 do convenio autonómico.

2. Acórdase tamén aprobar as táboas salariais correspondentes ao ano 2010 e encárganselle ao Consello Galego de Relacións Laborais os trámites de rexistro, depósito e publicación.

As táboas son as seguintes:

Salarios 2010

Categorías profesionais	S.B. 2010	Antigüidade	Festivos/domingos	Horas nocturnas	Complemento dispoñibilidade	Horas extraordinarias	Festivos especiais
GRUPO A)							
Responsable coordinación	1.837,92 €	18,03 €	16,00 €	3,67 €	20,00 €	25,35 €	61,26 €
Xefe/a administrativo/a	1.370,93 €	18,03 €	16,00 €	2,73 €	20,00 €	18,91 €	45,70 €
GRUPO B)							
Coordinador/a	1.299,20 €	18,03 €	16,00 €	2,59 €	20,00 €	17,92 €	43,31 €
GRUPO C)							
Oficial administrativo/a	1.184,96 €	18,03 €	16,00 €	2,36 €	20,00 €	16,35 €	39,50 €
Axudante coordinación	1.039,37 €	18,03 €	16,00 €	2,07 €	20,00 €	14,34 €	34,65 €
Auxiliar administrativo/a	896,72 €	18,03 €	16,00 €	1,79 €	20,00 €	12,37 €	29,89 €
Auxiliar de axuda a domicilio	896,72 €	18,03 €	16,00 €	1,79 €	20,00 €	12,37 €	29,89 €

E ao non ter máis asuntos que tratar, levántase a reunión, ás trece horas e quince minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.